



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Secretaría Xeral de Política Lingüística

R/ San Roque, N° 2  
15704 Santiago de  
Compostela  
Tel.: 881 996 139  
Fax.: 881 996 140  
E-mail: crpjh@cirp.gal



galicia

## RESOLUCIÓN POLA QUE SE NOMEAN OS VOGAIS DA COMISIÓN DE VALORACIÓN

Pola Orde do 18 de xullo de 2017 apróbanse as bases reguladoras que rexerán o concurso público de oito bolsas de formación en proxectos de investigación que se están a desenvolver no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades e procédese á súa convocatoria (DOG núm. 146, do 2 de agosto de 2017).

A base décima da orde convocatoria (*Instrución*) establece que, para a adxudicación das bolsas, constituirase unha comisión de valoración que levará a cabo a avaliación das solicitudes admitidas e que estará integrada polos seguintes membros:

- **Presidente:** o coordinador científico do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.
- **Secretario:** o secretario dos Consellos Científico e Executivo do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.
- **Vogais:** Dous funcionarios da Secretaría Xeral de Política Lingüística e un director dos proxectos de investigación do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, propostos polo coordinador científico e nomeados polo secretario xeral de Política Lingüística.

Con base no previsto na base décima da orde de convocatoria, e logo da proposta efectuada polo coordinador científico do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, RESOLVO

**Nomear** os seguintes vogais que integrarán a comisión de valoración para a adxudicación das ditas bolsas:

- Blanca-Ana Roig Rechou
- Ruth Otero Vilar
- M<sup>a</sup> Carmen Nieves Seoane

Santiago de Compostela, 3 de agosto de 2017

O secretario xeral de Política Lingüística



Valentín García Gómez